

de 2008, publicada no DOG número 144, do 28 de xullo, acordou:

Primeiro.-Proceder á publicación das cualificacións do terceiro exercicio da fase da oposición. As cualificacións resultantes, logo da corrección polo tribunal do citado exercicio, son as seguintes:

NIF	Apelidos e nome	Cualificación
33295062-D	Aparicio Lorenzo, Mónica	Non presentada
33346694-Y	Rúa Veloso, Olalla	Apta
36059054-E	Tourón Torrado, Rita	Apta

Segundo.-Realizar os trámites oportunos para a publicación no lugar de realización do exercicio, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención á Cidadanía da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es) das puntuacións obtidas polos aspirantes presentados ao terceiro exercicio do proceso selectivo extraordinario de consolidación de emprego para o ingreso no corpo de xestión da Xunta de Galicia, subgrupo A2.

De acordo co disposto na base II.1.1.3 da convocatoria, os aspirantes poderán presentar as alegacións que coiden oportunas, en relación coas cualificacións, no prazo de dez (10) días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2010.

Belén Liste Lázara
Presidenta do tribunal

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Orde do 11 de maio de 2010 pola que se convoca concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira do corpo de mestres para cubrir, en réxime de comisión de servizos, postos de escolarización a alumnado de atención preferente.

Advertidos erros na dita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 95, do 21 de maio de 2010, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 9.055, artigo 2º.-Participantes e requisitos, debe engadirse ao remate do parágrafo primeiro: «O requisito para a praza de educación física do CEE Príncipe Felipe é ser funcionario de carreira ou en prácticas do corpo de mestres da especialidade de educación física».

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 6 de maio de 2010 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión de determinados postos de persoal directivo no Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo.

Convocada, por Orde do 12 de marzo de 2010 (DOG nº 54, do 22 de marzo), a provisión de determinados postos de persoal directivo no Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo, esta consellería, de conformidade co previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, en exercicio das competencias que ten atribuídas,

DISPÓN:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión de determinados postos de persoal directivo pertencentes á estrutura organizativa do Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo, anunciada por Orde do 12 de marzo de 2010 (DOG nº 54, do 22 de marzo).

Segundo.-Nomear, nas prazas que se indican, as persoas citadas no anexo desta orde, para os efectos do previsto no punto 2º do artigo 59 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

Terceiro.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición, ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación. De non estimar a interposición deste recurso, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2010.

Mª Pilar Farjas Abadía
Conselleira de Sanidade

ANEXO

Posto: subdirectora de Enfermaría.
Nome e apelidos: Mª José Ferreira Díaz.
Centro: Complexo Hospitalario Xeral-Calde.
Localidade: Lugo.

Posto: subdirectora de Enfermaría.
Nome e apelidos: Mª Jesús Taboada Pérez.
Centro: Complexo Hospitalario Xeral-Calde.
Localidade: Lugo.

PARLAMENTO DE GALICIA

Resolución do 19 de maio de 2010 pola que se nomea funcionario de carreira.

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 10 de maio de 2010, acordou declarar aprobado no proce-